



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Ansede Vilas, Miguel
Araújo Fernández, María
Area Carracedo, Iván Carlos
Ares Ferreirós, Martina
Báez Montero, Inmaculada
Balsa Fernández, Nicolás
Baltrusch, Burghard
Bará Louro, María
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Bazo Abeledo, Sheila
Blanco Sierra, Javier
Blas Varela, M^a Esther de
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, José Benito
Bueno Alonso, Jorge L.
Caamaño Martínez, José Carlos
Cancho Grande, Beatriz
Carro Parafita, Pedro Manuel
Castro Cerceda, M^a Luisa
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Benavides, José Antonio
Conde Cid, Manuel
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, María Consuelo
Dafonte Gómez, Alberto
Dapia Conde, María Dolores
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Diz Folgar, Manuel
Dominguez Araújo, Lara
Dominguez Domínguez, Rubén
Dopico Castro, Marcos
Falagán Mota, Jorge
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Prieto, Marta
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Riverola, Florentino
Ferro Soto, Carlos Antonio
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
Gallardo Medina, Mercedes
Gándara Pérez, José Antonio
García Fuentes, Olalla
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Garrote Velasco, Gil
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Álvarez, Dolores
González Barreiro, Alicia
González López, Raquel
González Varela, Luis
Hernández Sánchez, Jesús
Horjales Rodríguez, Silvia
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Isorna Folgar, Manuel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lantarón Caeiro, Eva María
Liñares Méndez, Patricia
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Magaz Ledo, María Luisa
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Martínez Gómez, Alejandro
Martínez Piñeiro, Manuel
Michinel Álvarez, Humberto Javier

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **13 de abril de dous mil vinte e un**, convocada para ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00h en segunda, de xeito presencial no Paraninfo da Universidade (Edificio Ernestina Otero do Campus Lagoas-Marcosende), así como de xeito virtual a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2020.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudantes.
4. Informe sobre os programas MEET e PAT.
5. Aprobación, se procede, da creación do centro interuniversitario ECOBAS.
6. Aprobación, se procede, da comisión redactora do regulamento de avaliación.
7. Elección dos membros da comisión redactora do regulamento de inspección.
8. Elección dos membros da comisión asesora da Valedora Universitaria.
 - A. Un representante do PDI e o seu correspondente suplente.
 - B. Un representante do alumnado e o seu correspondente suplente.
 - C. Un representante do PAS e o seu correspondente suplente.
9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 2 vacantes.
10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito):
 - A. Ciencias experimentais e Ciencias da saúde.
 - B. Ciencias Xurídico-sociais.
 - C. Tecnoloxía.
11. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros :
 - A. Consello de Campus de Ourense (1 vacante).
 - B. Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes).
12. Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade e debate sobre eventuais medidas a adoptar.
13. Quenda de intervencións.

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezase pola letra “I”. De alongarse en exceso a sesión, acórdase que se suspenda sobre as 15:00 h., se fose a prolongarse máis aló.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Morán Martínez, M^a Paloma
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novas Míguez, Javier
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Oca Cancela, Guillermo de
Ovejero Campos, Aida
Pallas Otero, Patricia
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Cota, Manuel
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Sanz Fonta, Alejandro
Sieiro Vázquez, Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Sueiro Justel, Joaquín
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara M^a
Torres Pérez, Francisco José
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Vázquez Alonso, Aroa
Vázquez Otero, M^a Elsa
Velasco Graña, M^a Rita
Vera Isasa, María
Vidal Vázquez, Ricardo
Vila Alonso, M^a de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel
Virgós Soto, Alejandro
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fernández Suárez, Emilio Manuel
López Mira, Álvaro Xosé
Pérez Juste, Ignacio
Picos Martín, Juan
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rúa Estévez, José Manuel

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16/12/2020.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións a acta en tempo e forma.

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

Lembra que existe un procedemento para que o Claustro trate puntos específicos, que é bastante doado e que figura no Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario.

Vaise levar ao Parlamento a lei de creación da universidade privada promovida por Abanca (Universidade Intercontinental de la Empresa) e estará aprobada en cuestión de meses. O Consello Social, o Consello de Goberno e o Claustro aprobaron no seu día un documento de posicionamento a este respecto. En principio, haberá catro graos, catro mestrados e dous programas de doutoramento na cidade de Vigo que se prevén implantar no curso 2022/2023.

A Universidade de Vigo acadou o primeiro posto na clasificación de transparencia de Dyntra, empatada coa de Burgos. Seguiremos traballando para ter a mellor avaliación posible.

Veñen de publicarse os criterios mínimos propostos para que unha universidade (pública ou privada) sexa recoñecida como tal. Hai 12 universidades que compren eses requisitos. Todas son públicas e dúas son galegas (UVigo e USC). Isto evidencia a fortaleza do sistema universitario de Galicia.

Sobre a evolución no uso da sede electrónica, amosa unha gráfica que pode resumirse do seguinte xeito:

- Rexistro online: 83,2%
- Rexistro presencial: 16,8%

Indica asemade os datos relativos a certificacións e outros procedementos automatizados co uso do selo electrónico, existentes e en preparación.

Así mesmo, a sinatura dixital de actas evolucionou desde o 57,08% no curso 2018-2019 ata o 99,4% no curso actual.

Informa da situación do servizo de reprografía nos tres Campus e indica, respecto da licitación, que a Universidade está a traballar desde hai meses nun novo e complexo prego de condicións para licitar un servizo completo de copistería.

• O prego constará de 3 partes:

- Modalidade de pago por páxina sen opción de compra de diferentes equipos de impresión.
- Servizo de fotocopidora en réxime de autoservizo.
- Contratación dun Servizo para a comunidade universitaria de reprodución, escaneado e fotocopiado de textos, arquivos e imaxes en réxime atendido por ámbitos.

- Solicitarase no devandito prego 2 servizos atendidos:
 - Un no Campus de Lagoas-Marcosende (biblioteca central),
 - ademais dun servizo atendido en xornada completa no Campus da Xunqueira en Pontevedra.

En canto á situación causada pola pandemia, o reitor informa sobre:

- Equipamentos dotados (con especial referencia ás Aulas Integra).
- Evolución de casos de COVID.
- Cribados masivos levados a cabo na UVigo.

O reitor dedica especial atención á información sobre o próximo Plan galego de financiación universitaria. En primeiro lugar, lembra as características esenciais do plan actual (2016-2021). O Plan de financiamento actual, en canto a financiamento estrutural estándar baséase principalmente en:

- Créditos matriculados
- Estruturas fixas sobre as que a universidade ten que facer as súas políticas de persoal
- Debido á evolución á baixa de alumnado matriculado o financiamento estrutural cubre en torno ó 70% do custe real da Uvigo (e das outras universidades do SUG)
- Na negociación actual preténdese que a Xunta de Galicia incremente o financiamento estrutural en dous aspectos:
 - Maior financiamento dos créditos matriculados.
 - Incorporación do mantemento dos edificios (RAM) considerando as necesidades reais das universidades.
- En canto ó financiamento por resultados, do cal recibimos o 33,3% dos ingresos, tamén hai debate:
 - Actualización do panel de indicadores
 - Introducción de indicadores de futuro, relativos á Sustentabilidade e o Medio Ambiente
 - Preténdese que os indicadores estean axustados en termos per capita, non absolutos
- Tentarase facer os axustes necesarios no modelo en vigor para cubrir as carencias detectadas:
 - Cadros de persoal de Administración e Servizos
 - Cadros de persoal Docente e Investigador
 - Recoñecemento de toda a docencia impartida e maior financiamento por crédito
 - Financiamento da investigación
 - Integración do financiamento RAM

En canto ao novo mapa de titulacións

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

- Máster en Comportamento do Consumidor e Experiencia de Cliente
- Máster en E-government e Transformación Dixital
- Máster en Innovación Educativa



ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

- Máster en Blockchain e Tecnoloxías DLT (*)
- **Máster en Intelixencia Artificial (*)**
- Máster en IoT
- Máster en Realidade Estendida
- Máster en Vehículos Autónomos

CIENCIAS DA SAÚDE

- Máster en Biofabricación
- Máster en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria
- Máster en E-health

CIENCIAS

- Máster en Economía Circular
- Máster en Fabricación Aditiva
- Máster en Xestión Sustentable e Avanzada da Auga
- Máster en Tecnoloxía Téxtil

En canto aos criterios para avaliación adecuación titulacións

- Iniciativa parlamentaria PP-PSOE (9558 - 11/PNC-000989) – 28/2/2021
 - Axuste á especialización do campus
 - Carácter interuniversitario, internacional ou dual
 - Incorporación de metodoloxías educativas innovadoras
 - Orientación práctica e aplicada dos estudos
 - Existencia de recursos materiais e humanos necesarios para a impartición
 - Esfuerzo de reconfiguración de oferta centro/campus
 - Captación de alumnado de fora do SUG

Máster en Economía Circular:

- Créditos: 90
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en economía circular
- Titulacións relacionadas:
 - Grao en Ciencias Ambientais (Uvigo)

- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Economía Circular – U. de Burgos
 - Máster en Economía Circular – Campus Iberus (Zaragoza, Lleida, Navarra, La Rioja)

Máster en Fabricación Aditiva:

- Créditos: 60
- Modalidade: Presencial
- Rol: Experto en fabricación aditiva
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Industria 4.0 (Uvigo)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Diseño e Impresión 3D– U. de Salamanca
 - Máster en Diseño e Ingeniería para Fabricación Aditiva – UPC
 - Posgrao en Fabricación Aditiva de Productos - UPC

Máster en Xestión Sustentable e Avanzada da Auga:

- Créditos: 90
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en tratamento avanzado de augas
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Enxeñaría de Auga (UDC|Hochschule Magdeburg-Stendal)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Hidroloxía y Gestión de Recursos Hídricos – U. de Alcalá
 - Máster en Gestión Sostenible y Tecnologías – U. de Alicante
 - Máster Integral del Agua – U. de Cádiz

Máster en Tecnoloxía Téxtil

- Créditos: 90
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en téxtiles intelixentes
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Investigación Química e Química Industrial (Uvigo|UDC|USC)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Ingeniería Textil – U. Politécnica de Valencia

Máster en Biofabricación

- Créditos: 90
- Modalidade: Presencial
- Rol: Diseñador de órganos e tecidos
- Titulacións relacionadas:
 - Grao en Enxeñaría Biomédica (Uvigo)
 - Máster en Biotecnoloxía Avanzada (Uvigo|UDC)
- Titulacións de referencia en España:

Máster en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria

- Créditos: 60
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en cronicidade e novos modelos de atención
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Xerontoloxía (UDC|USC)
 - Máster en Valoración e Intervención en Xerontoloxía e Xeriatria – UDC
 - Máster en Atención ao Paciente Crónico, ao Envellecemento e á Dependencia - USC
- Titulacións de referencia:
 - Experto en cronicidad, promoción de la salud y autonomía personal– U. de Deusto

Máster en E-health

- Créditos: 90
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en e-health
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (USC)
 - Máster en Bioinformática para Ciencias da Saúde (UDC)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster Propio en Design Health – U. de Barcelona
 - Máster en Salud Digital/e-Health – UOC

Máster en Comportamento do Consumidor e Experiencia de Cliente

- Créditos: 60
- Modalidade: Presencial/Semipresencial
- Rol: Experto en experiencia de cliente

- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Márketing Dixital e Xestión Comercial (USC)
 - Posgrao en Márketing e Estratexia Dixital da Empresa (UDC)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster Propio en Neuromárketing y Comportamiento del Consumidor – UCM
 - Máster en Neuromárketing y Comportamiento del Consumidor – U. Miguel de C.

Máster en E-government e Transformación Dixital

- Créditos: 90
- Modalidade: Presencial/En liña
- Rol: Experto en goberno dixital
- Titulacións relacionadas:
 - Grao en Ciencia Política e da Administración (USC)
 - Grao en Dirección e Xestión Pública (Uvigo)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster Propio en Gobierno y Tecnología – U. Camilo José Cela
 - Máster en Administración y Gobierno Electrónico – UOC

Máster en Innovación Educativa

- Créditos: 90/120
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en innovación educativa
- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Invest. e Innov. en Didact. Específicas para a Educación Infan. e Prim. (Uvigo|UDC|USC)
 - Máster en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares (UDC)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Innovación e Investigación en Educación – UNED
 - Máster en Investigación y Cambio Educativo – UAB
 - Máster en Investigación y Cambio Educativo – U. de Barcelona

Máster en Blockchain e Tecnoloxías DLT

- Créditos: 90
- Modalidade: Presencial/En liña
- Rol: Experto en blockchain
- Titulacións relacionadas:

- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Blockchain y Big Data – UCM
 - Máster en Blockchain, Smart Contracts y Criptoconomía – U. de Alcalá
 - Postgrado de experto en Blockchain – U. Europea
 - Máster en Global Blockchain Technologies – U. de Barcelona
 - Máster en Tecnología Blockchain – UPC

Máster en IoT

- Créditos: 60
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en IoT
- Titulacións relacionadas:
 - Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías das Comunicacións (Uvigo)
 - Máster en Enxeñaría de Telecomunicacións (Uvigo)
 - Máster en Industria 4.0 (Uvigo)
 - Máster en Informática Industrial e Robótica (UDC|U. de La Laguna)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Internet de las Cosas. Tecnologías Aplicadas – U. Carlos III
 - Máster en Internet de las Cosas – U. de Salamanca

Máster en Realidade Estendida

- Créditos: 90
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en realidade estendida
- Titulacións relacionadas:
 - Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos (UDC)
 - Máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos (UDC)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Deseño de Espacios, Realidad Virtual y Aumentada – UOC
 - MIRI – Computer Graphics and Virtual Reality – UPC

Máster en Vehículos Autónomos:

- Créditos: 90/120
- Modalidade: Semipresencial
- Rol: Experto en vehículos autónomos

- Titulacións relacionadas:
 - Máster en Enxeñaría Mariña (UDC)
 - Máster en Enxeñaría da Automoción (Uvigo)
 - Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados (Uvigo)
 - Grao en Robótica (USC)
 - Máster en Visión por Computador (Uvigo|UDC|USC|Uporto)
- Titulacións de referencia en España:
 - Máster en Ingeniería de la Automoción. Especialidad en vehículos autónomos y conectados – UPM

Directrices másteres G2030

- Mapa de titulacións do centro
- Transversalidade
- Demanda
- Colaboración a nivel de SUG
- Modelo de titulación de centro

Antes de verán novo acordo que fixe o marco do novo mapa 2022-2026.

Novas titulacións

- Grao:
 - Catálogo de aproximadamente 10 novos non existentes
 - As universidades poderemos propoñer (básicamente vía reconfiguracións)
 - Nos 5 ámbitos
 - IA
- Máster:
 - Galicia 2030
 - As universidades poderemos propoñer novas/reconfiguracións
- Doutoramento:
 - Queda en mans das Universidades

Luis González Varela pregunta polas titulacións previstas pola Universidade privada e recomenda estar alerta para que cumpran coa normativa, en particular, a Lei de Universidades, xa que parece non poder paralizarse. Pregunta asemade se hai un sistema de bolsas previsto. O reitor informa sobre a previsión de bolsas e comenta que se votou en contra da proposta no Consello Galego de Universidades. Comenta as titulacións e subliña o informe negativo do Consello Económico e Social, onde o vicerreitor de Economía defendeu unha postura unánime das Universidades do SUG, dado que a Universidade privada organiza a docencia como Institutos Universitarios, así como a existencia dun título reiterado como é o de ADE. Finaliza informando sobre a tramitación actual do proxecto de lei no Parlamento e que neste momento estase a tramitar unha segunda Universidade privada en Galicia.

2. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudantes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (VCAEEU) que pasa a expoñer as liñas básicas do documento, indicando os seus antecedentes:

- Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo. Aprobado en Claustro en 2001.
- Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembre, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.
- DECRETO 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

A continuación indica as emendas:

Exposición pública: Normativa en exposición e debate do 15-12-2020 ao 15-01-2021 Alegacións (9) e Emendas (67):

1. José Ángel Álvarez Moreira. Representante de Estudantes en Claustro: 5 Emendas
2. Luis González Varela. Representante da EEI no Claustro: 18 Emendas
3. Antonio Ramos Vázquez. Representante da EEI no Claustro: 3 Emendas
4. Esther Pillado González. Valedora Universitaria: 1 Emenda
5. Miguel Dorribo. Área de Calidade: 11 Emendas
6. Elena Alonso Prieto. Directora da EME: 3 Emendas
7. Emilio Fernández Suárez: 9 Emendas
8. Herminio José Raña García. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación: 16 Emendas
9. Patricio Sánchez Fernández. Dpto Economía Financeira e Contabilidade: 1 Emenda
10. De oficio: 1 Emenda

Fixéronse 21 correccións dos seguintes aspectos: Ortografía, Acentos, Puntuación, Linguaxe inclusivo, Redacción, Siglas e Galego.

De seguido, detállanse os textos transaccionais:

XERAL

Substitucións (2): “alumnado” por “estudantado”

Edita de Lorenzo le un texto en nome de Iñigo Cuiñas. O texto literal é o seguinte:

- “1. El documento presentado es una declaración de intenciones y buenismos que, en si mismos, no generan oposición: son un listado de derechos (muchos) y obligaciones (alguna menos) que parecen razonables y están, en buena medida, recogidos en los Estatutos y la normativa nacional al respecto
2. El reglamento de estudiantes, como aparece en esta propuesta, es una oportunidad perdida (una más) de elaborar una reglamentación ambiciosa y aplicable, que vaya más allá de buenas palabras
3. Echamos en falta la expresión de las responsabilidades de cada agente implicado (representantes de estudiantes, profesorado, decanatos/direcciones, unidades administrativas, rectorado) para el reconocimiento de los derechos y la exigencia de las obligaciones
4. Consideramos que no se especifican los procedimientos para reconocer de modo efectivo los derechos: condiciones para exigir un derecho, agente con responsabilidad para su reconocimiento
5. Tampoco está el procedimiento para exigir el cumplimiento de las obligaciones: condiciones para determinar que una obligación no se está cumpliendo, el agente con autoridad para actuar en estas circunstancias y los mecanismos para actuar.”

Natalia Caparrini comenta que algunhas alegacións foron presentadas por Emilio Fernández e que ela se reuniu con Iñigo Cuiñas, que deu o seu visto bo, malia que reconece que algunhas das cuestións variaron nas negociacións posteriores. Non obstante, non hai oposición ao regulamento, segundo indica Edita de Lorenzo.

Apróbase por asentimento esta emenda.

PREÁMBULO

Adición:

Por outra banda, e dada a dobre condición dos estudantes de doutoramento, como estudantes e como persoal investigador, inclúense os principios, dereitos e deberes reconecidos na lexislación vixente como é a Carta Europea dos investigadores e o Código de conduta para selección de investigadores (L 75/67, do 22 de marzo de 2005), regulados coa aprobación da Lei da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación (Lei 14/2011, do 1 de xuño) e co Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación (RD 103/2019, do 1 de marzo).

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 1. Principios xerais

Modificación:

2. Todo estudante da Universidade de Vigo terá garantida a igualdade de dereitos e de deberes, independentemente do centro universitario, dos ensinos que se atope cursando, da etapa de formación na que estea matriculado, e sen discriminación por razón de nacemento, raza, idade, xénero, orientación sexual, lingua, capacidade económica, relixión, convicción ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, social ou política.

Por:

2. Todo estudante da Universidade de Vigo terá garantida a igualdade de dereitos e de deberes, independentemente do centro universitario, dos ensinos que se atope cursando, da etapa de formación na que estea matriculado, e sen que poida prevalecer ningunha discriminación tal e como proclama a Constitución Española.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3: Dereitos básicos

Modificación:

3. A recibir unha formación académica de calidade e interdisciplinaria, que responda á adquisición das competencias e dos coñecementos vinculados aos estudos elixidos, e que permita coñecer os distintos enfoques e propiciar, deste xeito, a autoformación do propio estudantado;

Por:

3. A recibir unha formación académica de calidade e interdisciplinaria, que responda á adquisición das competencias e dos coñecementos vinculados aos estudos elixidos, e que permita coñecer os distintos enfoques e propiciar, deste xeito, a ensinanza e aprendizaxe centradas no estudante que estimulen a motivación, a autorreflexión e a súa participación no proceso de aprendizaxe;

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos

Modificación:

5. A conciliar os estudos coa vida laboral e familiar, e que se teñan en conta as súas circunstancias persoais na medida das dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da Universidade de Vigo.

Por:

5. A conciliar os estudos coa vida laboral e familiar, e que se teñan en conta as súas circunstancias persoais na medida das dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da Universidade de Vigo. Corresponde aos centros determinar as condicións e o procedemento a seguir para o exercicio do correspondente dereito.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos

Modificación:

9. A ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispoñer, como alternativa, de probas de avaliación global.

Por:

9. A ser avaliado en réxime de avaliación continua, dispoñendo como alternativa de probas de avaliación global en todas as materias e oportunidades de avaliación do curso académico.

Álvarez Moreiras intervéñ para sinalar que non comprende como se fará a avaliación continua na oportunidade de fin de carreira. Natalia Caparrini comenta que iso se abordará no regulamento de avaliación. O reitor lembra que o Claustro se comprometeu a facer un estudo sobre o que se considera avaliación continua.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos

Modificación:

18. A recibir información e orientación vocacional, académica e profesional sobre o acceso a axudas e a bolsas, programas de mobilidade, aloxamentos universitarios e calquera aspecto da vida universitaria que o afecte, en especial sobre as actividades responsabilidade da Universidade de Vigo no ámbito cultural, deportivo, de vida saudable e cooperación.

Por:

18. A recibir información e orientación vocacional, académica, profesional e administrativa relacionada con calquera aspecto da vida universitaria que o afecte, en especial sobre as actividades responsabilidade da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3: Dereitos básicos

Modificación:

21. A participar nas actividades de voluntariado, acción social, cooperación ao desenvolvemento e outras de responsabilidade social que organice a Universidade de Vigo.

Por:

21. A recibir unha formación académica que promova a sostibilidade, a responsabilidade social e a cooperación e a participar nas actividades de voluntariado, acción social, cooperación ao desenvolvemento e outras de responsabilidade social que organice a Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3: Dereitos básicos

Modificación: (2)

25. A formular peticións, reclamacións ou queixas

Por:

25. A formular peticións, suxestións, reclamacións, queixas e parabéns.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos

Modificación:

27. A recibir información, directamente ou a través das e dos seus representantes, das normas e dos acordos ou resolucións dos distintos órganos de goberno que lle afecten.

Por:

27. A recibir información, directamente ou a través das e dos seus representantes, das normas e dos acordos ou resolucións dos distintos órganos de goberno que lle afecten. A Universidade disporá os medios necesarios para garantir o dereito dos estudantes a recibir información, sen prexuízo de que outras institucións ou entidades poidan colaborar nesta tarefa.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos

Modificación:

29. A que os seus datos persoais non se utilicen con outros fins que os regulamentados pola normativa de protección de datos de carácter persoal.

Por:

29. Á confidencialidade de datos, tanto académicos coma persoais, de acordo coa lexislación vixente, e a que os seus datos persoais non se utilicen con outros fins que os regulamentados pola normativa de protección de datos de carácter persoal.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 3. Dereitos básicos Adición:

(..) Ao estudio e a participación activa nas actividades académicas que axuden a completar a súa formación.

(..) A seren protexidos polo réxime de seguro legalmente establecido.

(..) A beneficiarse dos convenios de colaboración educativa que asine a Universidade con institucións públicas e privadas, nos termos establecidos no propio convenio, sempre de acordo cos criterios que fixe a propia Universidade.

(..) A ter os mesmos dereitos de admisión e réxime económico no uso do xardín de infancia para os seus fillos e fillas cos do resto da comunidade universitaria.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 4. Dereitos específicos do estudantado de grao e de mestrado

Modificar:

1. A recibir información e a participar na elaboración das memorias de verificación de títulos oficiais

Por:

1. A recibir información e a participar na elaboración das memorias de verificación de títulos oficiais. Corresponde aos centros determinar as condicións e o procedemento a seguir para o exercicio do correspondente dereito.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 4. Dereitos específicos do estudantado de grao e de mestrado

Modificar:

3. A elixir grupo de docencia, de ser o caso, nos termos en que dispoña a universidade, de maneira que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais ou familiares e, se for o caso, para o exercicio dos dereitos das vítimas da violencia de xénero, deportistas de alto nivel e de alto rendemento.

Por:

3. A elixir grupo de docencia, de ser o caso, de maneira que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais ou familiares e, se for o caso, para o exercicio dos dereitos das vítimas da violencia de xénero, deportistas de alto nivel e de alto rendemento. Corresponde aos centros determinar as condicións e o procedemento a seguir para o exercicio do correspondente dereito.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 5. Dereitos específicos do estudantado de doutoramento

Adición:

(..) A recibir información e a participar na elaboración das memorias de verificación destes títulos.

(..) A ser considerados como persoal investigador en formación, de acordo co establecido na lexislación en materia de ciencia e investigación e cos estándares da Carta e do Código (C&C).

(..) A os dereitos específicos vinculados á súa actividade investigadora recollidos no RD 103/2019 polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

Burghard Balstrusch suxire engadir “a ter os dereitos...”, que se aproba.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 8: Dereito a recibir ensinanzas teóricas e prácticas

Modificación:

2. Antes do comezo do proceso de matrícula, publicaranse os horarios por curso e por grupo, co obxecto de que sexan compatibles ao longo do curso. Non se poderán modificar agás por causa de forza maior mediante a aprobación da xunta de centro.

Por:

2. Antes do comezo do proceso de matrícula a Xunta de Centro aprobará os horarios. O centro publicará os horarios por curso e por grupo, co obxecto de que sexan compatibles ao longo do curso. Non se poderán modificar agás por causa xustificada.

Iñigo Cuiñas suxire que se engada a comisión delegada, ademais da Xunta. Álvarez Moreiras sinala que os Estatutos indican que debe ser o centro. Luis González Varela sinala que debería ser o centro. O reitor comenta que se pode engadir “ou órgano delegado, no seu caso”, malia que se consultará coa Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 8: Dereito a recibir ensinanzas teóricas e prácticas

Modificación:

3. A Xunta de Centro, ou comisión delegada, aprobará os horarios das aulas e das probas de avaliación final de carácter global atendendo aos intereses de docentes e de estudantes.

Por:

3. A Xunta de Centro, ou comisión delegada, aprobará os horarios das aulas e das probas de avaliación final de carácter global atendendo aos intereses de docentes e de estudantes. No calendario das probas de

probas de avaliación global non se poderá planificar probas do mesmo curso nun prazo inferior a 24 horas. En todo caso cada estudante terá dereito a que a realización das probas de carácter global correspondentes non lle coincidan en data e hora.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 8: Dereito a recibir ensinanzas teóricas e prácticas

Modificación:

4. Co fin de garantir a asistencia a clase, a xunta de centro poderá concederlle o cambio de grupo ao estudantado que xustifique axeitadamente a imposibilidade de asistir ás actividades do grupo asignadas.

Por:

4. Co fin de garantir a asistencia a clase a persoa do equipo directivo/decanal coas competencias que marque o Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Centro poderá conceder o cambio de grupo ao estudantado que xustifique axeitadamente a imposibilidade de asistir ás actividades do grupo asignadas e especificadas no artigo 4.3 do presente regulamento.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 9: Dereito á avaliación xusta

Modificación:

1. O estudantado ten dereito a ser avaliado dos seus coñecementos e competencias con criterios razoables e xustos e, sempre que sexa posible, nun sistema orientado á avaliación continua.

Por:

1. O estudantado ten dereito a ser avaliado dos seus coñecementos e competencias con criterios razoables e xustos, cun sistema orientado á avaliación continua.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 10. Probas de avaliación

Modificar:

5. A persoa que por enfermidade, lesión, maternidade ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar unha proba ou exame, parcial ou final, terá dereito a ser avaliado noutra data.

Por:

5. A persoa que por enfermidade, lesión, maternidade/paternidade ou calquera outro impedimento temporal, que o centro considere e fidedignamente demostrado, non poida efectuar unha proba ou exame, parcial ou final, terá dereito a ser avaliado noutra data.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 10. Probas de avaliación,

Adición:

6. O estudantado deberá identificarse, cando así o solicite o profesorado encargado da súa avaliación.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 11. Avaliación e cualificación

Modificar:

2. Os datos para publicar as cualificacións limitaranse ao nome e aos apelidos do estudantado e á cualificación obtida.

Por:

2. Os datos para publicar as cualificacións limitaranse ao nome e aos apelidos do estudantado e á cualificación obtida. No caso de que houbera estudantes cos mesmos nomes e apelidos, publicaranse para eles os catro díxitos que ocupen as posición 4^a, 5^a, 6^a e 7^a do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, conforme ao esixido na normativa actual de protección de datos.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 11. Avaliación e cualificación

Modificación:

4. O estudantado terá dereito a coñecer as súas cualificacións provisionais desde a realización das probas e coa antelación suficiente para o normal desenvolvemento do estudo da materia.

Por:

4. O estudantado terá dereito a coñecer as cualificacións provisionais trala realización de calquera proba de avaliación. Ditas cualificacións deben ser notificadas ao estudantado antes de que sexan definitivas, garantindo a adecuada antelación para o normal desenvolvemento do estudo da materia.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 12. Participación no control de calidade

Modificación:

O estudantado participará na avaliación da actividade docente levada a cabo pola universidade coas garantías técnicas suficientes, así como na avaliación institucional da calidade de titulacións e servizos, xa sexa directamente, xa sexa a través das e dos seus representantes.

Por:

O estudantado participará na avaliación da actividade docente levada a cabo pola universidade coas garantías técnicas suficientes, así como nos procesos de xestión e avaliación institucional da calidade dos centros, titulacións, servizos e actividade investigadora, xa sexa directamente, xa sexa a través das e dos seus representantes, nos termos previstos pola lexislación e a normativa vixente.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 12. Participación no control de calidade Adición:

2. Os resultados dos métodos de avaliación docente (taxa de rendemento, taxa de éxito, taxa de eficiencia, taxa de gradación, taxa de abandono, etc.) serán tidos en conta e serán públicos nos termos aprobados polos órganos de goberno.

3. No caso de materias con desviacións significativas no seus indicadores de resultado respecto dos valores recollidos na memoria da titulación, a persoa responsable da materia deberá redactar un informe das causas que ao seu xuízo producen estes resultados e se propoñerán solucións co fin de corrixilos segundo o procedemento que determine o regulamento de avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 13. Dereito de revisión

Modificación:

2. O alumnado terá dereito a revisar as probas de avaliación antes de que as súas cualificacións sexan definitivas.

Por:

2. O estudantado terá dereito a revisar nunha titoría individualizada as probas de avaliación antes de que as súas cualificacións sexan definitivas.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 14. Da impugnación das cualificacións.

Modificación (3):

O estudantado ten dereito a impugnar a cualificación obtida segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.

Por:

O estudantado ten dereito a impugnar a cualificación obtida segundo o procedemento que determine o regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 22 Dos programas de mobilidade

Modificación:

1. A Universidade de Vigo promoverá a participación de membros do estudantado en programas de mobilidade mediante a sinatura dos correspondentes convenios de cooperación interuniversitaria ou a participación en programas de mobilidade.

Por:

1. A Universidade de Vigo promoverá a participación de membros do estudantado en programas de mobilidade mediante a sinatura dos correspondentes convenios de cooperación interuniversitaria ou a participación en programas e convocatorias de mobilidade.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 22 Dos programas de mobilidade

Modificación:

2. Estes programas poderán atender á formación académica propia da titulación e a outros ámbitos de formación integral do estudantado tales como a formación transversal en valores, a realización de prácticas, a formación orientada ao emprego e calquera outra que promova a Universidade de Vigo no seus principios e fins.

Por:

2. Estes programas poderán atender á formación académica propia da titulación, á realización de estadias de investigación e a outros ámbitos de formación integral do estudantado tales como a formación transversal en valores, a realización de prácticas, a formación orientada ao emprego, e calquera outra que promova a Universidade de Vigo no seus principios e fins.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 29. Da persoa responsable para orientar o estudantado

Modificación:

As persoas responsables da titulación establecerán os procedementos para asistir e orientar o estudantado nos seus procesos de aprendizaxe, na súa transición cara ao mundo laboral e ao desenvolvemento profesional.

Por:

Os responsables académicos dos títulos oficiais da Universidade serán os encargados de asistir e orientar o estudantado nos seus procesos de aprendizaxe. A Universidade poñerá a disposición do estudantado as unidades o servizos necesarios para facilitar información, asesoramento e formación, no ámbito da orientación profesional e a inserción laboral.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 41. Do dereito de reunión

Modificación:

Todo o estudantado e as asociacións teñen dereito a reunírense en locais universitarios. Para este efecto será preciso cursar con antelación suficiente a oportuna solicitude para usar os ditos espazos. A solicitude deberá ser atendida, agás que medien circunstancias excepcionais que aconsellen o contrario.

Por:

Todo o estudantado e as asociacións teñen dereito a reunírense en locais universitarios. Para este efecto será preciso cursar con antelación suficiente a oportuna solicitude para usar os ditos espazos. A solicitude deberá ser atendida, agás que medien circunstancias excepcionais que aconsellen o contrario, que estarán debidamente acreditadas e serán notificadas ás persoas solicitantes por escrito.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 47. Deberes específicos do estudantado

2. Entendidos como expresión dese compromiso, o estudantado ten a obriga de:

Modificación:

a) Participar activamente nas actividades académicas que axuden a completar a súa formación.

Por:

a) Ao estudo e a participar activamente nas actividades académicas que axuden a completar a súa formación.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 47. Deberes específicos do estudantado

2. Entendidos como expresión dese compromiso, o estudantado ten a obriga de:

Modificación:

b) Cumprir coas obrigas investigadoras ou discentes inherentes á súa condición.

Por:

b) Cumprir coas obrigas investigadoras ou discentes inherentes á súa condición e cos deberes específicos recollidos no RD 103/2019 polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 47. Deberes específicos do estudantado

2. Entendidos como expresión dese compromiso, o estudantado ten a obriga de:

Modificar:

f) Absterse de utilizar ou de cooperar en procedementos fraudulentos nas probas e nos procedementos de avaliación, nos traballos que se realicen ou nos documentos oficiais da Universidade de Vigo.

Por:

f) Absterse de utilizar ou de cooperar en procedementos fraudulentos nas probas e nos procedementos de avaliación, nos traballos que se realicen ou nos documentos oficiais da Universidade de Vigo, nos termos que determine o regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado e o réxime disciplinario de estudantes.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 48: Representantes do estudantado

Modificación (2):

2. Tamén se considerarán representantes do alumnado os delegados/as de curso nos centros onde exista esta figura representativa. Será competencia dos centros redactar, de ser preciso, un regulamento que especifique o método de eleccións dos delegados/as de curso e as súas competencias.

Por:

2. Tamén se considerarán representantes do estudantado os delegados/as de curso nos centros onde esta figura representativa estea recollida de xeito formal. Será competencia destes centros redactar, de ser preciso, un regulamento que especifique o método de eleccións dos delegados/as de curso e as súas competencias.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 51. Dereitos e garantías dos e das representantes

Trasladar o seguinte texto:

h) Dispor dunha caixa do correo para recibir a documentación de forma axeitada e no lugar onde corresponda.

i) Gozar dunha conta de correo oficial da universidade.

j) Posuír un taboleiro de uso exclusivo para a delegación e colocado nun lugar visible para os seus representados/as.

k) Ter espazo adecuado para poder exercer a representación e reunirse. Este, na medida do posible e de xeito xustificicado polo decanato ou dirección do centro, deberá situarse nun lugar o máis accesible para o estudantado do centro.

Ao seguinte artigo:

Artigo 54. Dos recursos dos e das representantes

Os centros, na medida das súas posibilidades, facilitarán os medios para que as delegacións do alumnado exerzan ás súas funcións. Neste sentido, os centros deberan prover de:

Apróbase por asentimento esta emenda.

Artigo 51: Dereitos e garantías dos e das representantes:

Os e as representantes do estudantado teñen dereito a:

Adición:

h) A solicitar perante o órgano competente informes técnicos e xurídicos.

i) Non ser penalizado por non asistir a unha clase teórica, práctica, seminario ou calquera outra actividade cando estas coincidan o mesmo día que unha sesión dun órgano colexiado do que é membro.

j) Ser avaliado noutra data, a concretar entre o/a estudante e o/a docente, cando unha proba ou exame, parcial ou final, coincida o mesmo día que unha sesión dun órgano colexiado do que é membro.

k) Ser compensado polos gastos de desprazamento e manutención froito da asistencia a un órgano colexiado do que é membro.

Apróbase por asentimento esta emenda.

DISPOSICION DERROGATORIA

Modificación (2):

Derróganse todas as normas que contradigan o presente regulamento, agás o artigo 18 do anterior Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, do 3 de abril de 2001, que permanecerá vixente ata a aprobación da nova normativa de avaliación.

Por

Derróganse todas as normas que contradigan o presente regulamento, agás o artigo 18 do anterior Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, do 3 de abril de 2001, que permanecerá vixente ata a aprobación do regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Apróbase por asentimento esta emenda.

Luis González Varela indica que quere “agradecer personalmente, para que conste en acta, a las dos Vicerrectoras de Estudiantes, Dolores González y Natalia Caparrini, tanto su trabajo como su implicación en la reforma del Reglamento de Estudiantes de la UVigo. Esperando que tanto la actitud como la voluntad de acuerdo se mantengan en el debate y en la redacción del imprescindible Reglamento de Evaluación”.

O reitor agradece a numerosa participación así como as achegas recibidas e pregunta se pode aprobarse por asentimento. O reitor celebra a aprobación, dado que levabamos vinte anos con esta normativa.

Apróbase por asentimento o Regulamento de Estudantes, incorporando as emendas consensuadas.

3. Informe sobre os programas MEET e PAT

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, quen informa en primeiro lugar sobre o PAT:

Inicio: 2007- Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

Definición: Un plan de acción tutorial é un conxunto ordenado de accións previamente planificadas e coa colaboración da comunidade universitaria e que ten por finalidade guiar, orientar e acompañar ao estudantado durante os seus estudos universitarios.

Destinatarios: Todo o alumnado do centro, prestando especial atención aos estudantes do novo ingreso e aos que están rematando os seus estudos, contribuíndo á consecución das metas e obxectivos inherentes á cada etapa universitaria.

Responsable: Centro Recursos Humanos:

Coordinador: Responsable do PAT

Titores: Profesorado do centro

Outros: SIE, Gabinete, ORI, Bolsas, Biblioteca, FUVI, AEE

Recursos Materiais: Sistema de Garantía de Calidade - Procedemento: Orientación ao Estudantado
Moovi/Faitic: Coordinación e xestión

Metodoloxía:

- Deseño do Plan: Definición das actividades e contido das mesmas.
- Asignación: Titor-Estudantes

- Cronograma: de execución das reunións e/ou actividades
- Reunións: Equipo decanal - Comisión de Calidade- Coordinación PAT - Coordinación títulos - Coordinación curso – Tutores – Mentores Alumnos – Alumnado
- Informe final: Resultados e propostas de mellora

Contidos:

- Organización Académica: Horarios, Grupos, itinerarios, especialidades.....
- Vida Universitaria: deportes, cultura, asociacionismo, voluntariado...
- Actividades Extracurriculares
- Servizos: Bolsas, Biblioteca, CdL....
- Prácticas Empresa e Mobilidade
- Orientación Laboral
- Posgraos
-

Estado Actual:

Todos os centros teñen PAT: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/planes-accion-tutorial> Distintos graos de desenrolo e implantación

Resultados Enquisas de Satisfacción do Alumnado 2018-19:

- Media enquisa: 3,3 / 5
- A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: 2,7 / 5

Valoración		Graos
1	2	16%
2,1	3	64%
3,1	4	18%
4,1	5	2%

A continuación, a vicerreitora informa sobre o programa MEET:

Inicio: 2013 Teleco + 2015 Área de Innovación Educativa (Vicerreitorado de Organización Académica)

Definición: É un modelo tutorial baseado na mentoría. Alumnado dos últimos anos de grado exercen de mentores do alumnado de primeiro curso. Para poder desenvolver esta labor o alumnado mentor recibe unha formación intensiva nas competencias transversais.

Historia:

O MEET-UVigo ten o seu inicio no MEET-Teleco desenvolto na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. O alumnado mentor era formado previamente por un equipo de profesionais expertos en diferentes competencias para desenvolver a súa labor. O elevado coste do programa fixo que se tivera que replantexar e decidiuse formar un grupo de profesorado da Universidade de Vigo para encargarse de formar a dito alumnado.

Deste modo, a partir do ano 2016, un colectivo de profesores e profesoras uníronse voluntariamente á iniciativa. Recibiron unha formación de 80 horas e comezaron a encargarse da formación do alumnado

mentor. A idea era que cada ano se foran incorporando dúas titulacións novas e así ir transferindo esta boa práctica ao resto da Universidade.

Destinatarios: Alumnado de primeiro curso (pasa a ter un papel activo) Alumnado mentor (mellora a súa inserción no mercado laboral)

Responsable: Teleco + Institucional

Recursos Humanos: Coordinación Institucional: Área de Innovación Educativa Coordinador: Responsable do MEET de Centro (7) Mentores Profesores: Profesorado voluntario de centros (38) Mentores Estudiantes: Estudiante voluntario de últimos cursos (250 acumulado/ aprox. 60 ano).

Recursos Materiais: Formación por profesionais a mentores profesores Formación por profesores a mentores estudantes Seguimento por profesionais a mentores estudantes. Conferencias específicas para 1º curso en competencias transversais (3)

Metodoloxía:

Etapas de formación:

- Captación de mentores estudantes
- Formación de 80 horas (50 p + 30 v)

Etapas de Mentoring:

- Preparar 8 reunións sobre diferentes temáticas para traballar co alumnado mentorizado
- Asistir e documentar as reunións

Etapas de seguimento:

- Asistir as reunións de seguimento Contidos: Competencias transversais:

- Formación en Mentoría
- Traballo en equipo
- Técnicas de estudo
- Autoconecemento
- Motivación
- Comunicación
- Intelixencia e xestión emocional e social
- Liderazgo
- Organización e xestión do tempo...

Estado Actual: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/planes-accion-tutorial/meet-uvigo-modelo-tutorial-basado-mentoría>

Centros - Graos participantes (6-7):

- Enxeñaría da Telecomunicación
- Facultade de Filoloxía e Tradución (Linguas Estranxeiras)
- Escola de Minas e Enerxía (ERME e EE)
- Facultade de Química
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Economía)
- Facultade de Ciencias do Mar

Coste Económico: Vicerreitoría de organización académica

- 4.500 € anuais: seguimento
- 16.000 € cada 4 anos: formación novos profesores mentores
- Coste conferencias asumidas polos centros (600 €).

Sinala así mesmo o cadro de diferenzas entre o PAT e o MEET:

	PAT	MEET
IMPLANTACIÓN	Todos os centros- variable	6 centros / 7 Títulos - homoxéneo
RESPONSABLE	Centro	Institucional
COORDINACIÓN	Título	Centro
DESTINATARIOS	Principalmente 1º y 4º	Principalmente 1º y 4º (Mentor)
TITORES	Profesorado	Profesorado e Estudantado
RECURSOS	Moovi	Formación
COSTE	-	4.500 € (+16000 cada 4 anos)
CONTIDO	Orientación académica	Orientación académica + Habilidades e Competencias

A modo de DAFO, os pros e contras do PAT serían os seguintes:

- Obrigatorio, fácil de implementar e de mellorar
- Bos vínculos titor-alumno
- No recursos económicos
- Diminución significativa de participantes (ano e cursos)
- Pouco valorado
- Percepción dos alumnos que non lles aporta mucho
- Só reunións informativas: académicas (1º) e mestrados e saídas profesionais (4º)
- Non orientación laboral, ni formación competencias transversais
- Pouca participación dos servizos da Universidade de Vigo
- Pouco coñecemento do que lles ofrece a Universidade.

A equivalente da DAFO no MEET sería a seguinte:

- Programa ben valorado
- Formación en competencias transversais (Mentores-Mentees)
- Centros interesados en sumarse
- Aumento da participación de estudantes no PAT
- Alto coste económico e necesidade de inversión continuada
- Dependencia do voluntarismo
- Dificultade de transferencia a outros centros
- Non orientación laboral

- Pouca participación dos servizos da Universidade de Vigo
- Pouco coñecemento do que lles ofrece a Universidade
- Distintos puntos de vista de como debe ser o futuro
- Incluído no Plan Estratéxico da Universidade

Finaliza a súa intervención a vicerreitora coa seguinte reflexión:

Modelos:

- 1) Meet-Uvigo + Empresas: Creación dunha rede mixta de formadores/as - mentores/as (profesorado e directivas/os).
- 2) Meet-Uvigo Virtual: Docencia Virtual e cobertura a toda a Universidade.

Oportunidades:

- PAT- MEET- Propostas e ideas.
- Interese por parte dos centros, profesorado e estudantado.
- Comunidade Alumni.
- Servizos da UVigo.

Proposta:

- Xerar debate sobre os programas de Mentorización.
- Crear unha comisión do traballo.
- Deseñar un plan institucional e sostible.

Conclúe o informe da vicerreitora sobre os programas MEET e PAT.

Susana Reboreda comenta respecto ao PAT a súa experiencia como coordinadora e pensa que non funcionou a idea de un titor para un grupo pequeno de alumnado, que non adoita participar, e o substituíron por un titor por curso. Explica como se celebran as xuntanzas actualmente. Pensa que as accións de calidade están implementadas pero que o alumnado non o valora nas enquisas de satisfacción. Entende que os servizos están dispostos a participar pero que non hai un encaixe con calidade, polo que lle parece unha boa idea crear unha comisión. Avisa a súa estrañeza polo feito de que o programa MEET solo estea implantado no Campus de Vigo e pensa que algo falla entón, en canto á información. Pregunta pola proposta de participación de empresas e a vicerreitora o explica. Susana Reboreda propón incluír o MEET no PAT.

Iñigo Cuiñas comenta que é coordinador do PAT na súa Escola dende fai dúas semanas e que alí o MEET forma parte do PAT. Destaca o caso da formación de mentores no seu centro, que entende é máis rendible agora, dado o carácter voluntario dos profesores formadores, o que entende debe ser así, e comenta o seu caso persoal na dita actividade. Entende que tal profesorado voluntario debería incrementarse e que esa pode ser a causa da paralización actual do programa e do feito de que non se teña estendido a outros Campus. Pensa que a formación a mentores ten un coste para o profesorado que debería ser valorado de algún xeito. Esta experiencia entende que creceu en pouco tempo, ata onde puido crecer, dadas as limitacións presentes. Opina que debería haber un contacto claro a nivel institucional. O futuro do programa debería ser coral.

O reitor agradece as intervencións e pensa que para o próximo claustro habería que traer unha proposta de comisión para traballar neste programa e invita aos que participaron a formar parte da dita comisión.

4. Aprobación, se procede, da creación do centro interuniversitario ECOBAS.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que pasa a expoñer a proposta:

ANTECEDENTES

- Rede Galega de Economía (IP: Carlos Hervés, UVigo)
- Agrupación Estratéxica ECOBAS (IP: Carlos Hervés, UVigo)

OBXECTIVO

Centro de investigación ECOBAS, cuxo obxectivo é converterse nun centro de excelencia do Sistema Interuniversitario de Galicia (SUG) nos ámbitos da investigación en Economía e Empresa, apoiándose tamén noutras ramas das ciencias sociais (dereito e psicoloxía, fundamentalmente).

- Papel integrador, vertebrador e moi transversal a outros centros de excelencia doutras áreas temáticas.
- Papel crucial no ámbito das ciencias sociais

ESTRUTURA DO DOCUMENTO PRESENTADO

- Presentación do centro (Misión, visión, valores, análise DAFO, sistema de adscrición, etc.)
- Plan Estratéxico
- Plan de viabilidade financeira

XUSTIFICACIÓN

Necesidade de resolver problemas económicos urxentes de amplo impacto social, oportunidade única para a creación do centro (reconstrución económica derivada da pandemia). Actor del SUG con ampla axenda científica e gran capacidade de interacción cos outros centros de investigación GUS.

Programas de Horizon Europe requiren análises económico de viabilidade e de coste-beneficio.

Sede do Centro: UVIGO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

0. Constitución, posta en funcionamento e creación de cultura de centro de investigación.
1. Acadar maiores cotas de excelencia científica
2. Captación e potenciación do talento investigador
3. Fomentar e potenciar a formación de calidade
4. Acadar un maior impacto e proxección económica e social.
5. Internacionalización
6. Consolidar a marca ECOBAS
7. Converterse nun centro vertebrador da I+D+i en Galicia

INVESTIGADORES GARANTES:

Nome	Universidade	Indice-H	IN
Antelo Suárez, Manel	USC	9	1,32
Da Rocha Álvarez, José María	UVIGO	14	2,81
Del Río Otero, Coral	UVIGO	11	2,00
Dumitru, Adina	UDC	9	1,82
Garza Gil, María Dolores	UVIGO	12	1,63
Hervés Beloso, Carlos	UVIGO	11	1,37
Iglesias Vázquez, Emma	UDC	8	0,76
Labandeira Villo, Xavier	UVIGO	17	6,29
Lago Peñas, Santiago	UVIGO	16	3,44
López Rodríguez, Jesús	UDC	9	1,57
Loureiro García, María Luz	USC	29	3,79
Pansera, Mario	UVIGO	12	5,52
Reboredo Nogueira, Juan Carlos	USC	28	10,45
Rey García, Marta	UDC	11	2,58
Sánchez Santos, José Manuel	UDC	7	1,72
Vázquez Vicente, Xosé Henrique	UVIGO	11	2,89

Expón asemade a vicerreitora diversos datos sobre gobernanza, axenda científica e investigación, que foron achegados coa documentación para os membros do Claustro.

Tamén comenta sobre o Programa de Doutoramento Interunivesitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial. Iniciado no curso 2014-15, recibe unha media de aproximadamente 40 novos/as matriculados/as por ano académico entre as tres universidades. Na actualidade conta con 146 estudantes activos, dos que o 47% son estranxeiros. Total 42 teses defendidas entre 2016-2021 (1 artigo JCR/Scopus mínimo). Alta internacionalización (U-MultiRank Survey, UDC). Fala asemade do Mestrado Interunivesitario en Economía.

TRANSFERENCIA

- Cara o sector privado:
 - Convenios asinados con Ardán, Inditex, Zona Franca, Iberdrola, entre outros, e cátedras institucionais.
- Cara o sector público:
 - Participación de IG no IPCC (UN) dende 2016
 - Panel de Expertos de Financiamento Autonómico
 - Oficina da Prospectiva de Moncloa dende 2020, entre outros.

PLAN DE ACCIÓN A DESENVOLVER

- Plan de investigación propio e vertebrador co doutros centros (Next GenerationEU, Horizonte Europa).
- Mellorar cuantitativa e cualitativamente os indicadores de produción científica.
- Ampliar títulos académicos ofertados (Máster Economía Circular) e fortalecer os presentes
- Potenciar a transferencia de coñecemento (contratos, convenios)
- Aumentar a relación con outros centros públicos futuros (Centro de Investigación de Economía Circular) e facilitar a transferencia ao sector privado.
- Internacionalización (aumento de mobilidade de estudantes, e colaboradores internacionais).

Conclúe o informe. O reitor agradece o seu traballo a Carlos Hervés e a incorporación de María Loureiro. Louva as posibilidades da proposta e lembra que a proposta do Claustro elevarase ao Consello de Goberno para crear o centro. Convida a María Loureiro e Carlos Hervés a intervir pero declinan facelo.

Apróbase por asentimento a proposta.

5. Aprobación, se procede, da Comisión redactora do Regulamento de avaliación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria quen expón a proposta:

Proposta de Comisión Redactora:

- Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria: Natalia Caparrini Marín
- Secretario Xeral: Miguel Michinel Álvarez
- Valedora Universitaria: Esther Pillado González
- Xefa de Servizo de Xestión de Estudos de Grao: María Cristina Rodríguez Cendón
- Xefe de Servicio de Xestión de Estudos de Posgrao: José Luis Gómez Reboiro
- 5 PDI (Ámbito e Campus)
- 3 Estudantes: (Ámbito e Campus)

O secretario xeral suxire que se poida invitar a asesores externos (p.e. a Delegada de Protección de Datos). Acéptase. Luis González Varela entende que debería participar o PAS, malia que xa participan dous xefes de servizo, e asemade mais estudantes. O reitor propón cinco estudantes e cinco PAS. Acéptase. No seguinte Claustro se elixirán entre os membros do claustro, podendo abrirse ao resto da comunidade universitaria de non cubrirse as prazas.

Apróbase a proposta de comisión redactora por asentimento, cos cambios introducidos.

6. Elección dos membros da Comisión redactora do Regulamento de inspección.

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

- PAS (2 postos).- Presentáronse 2 candidaturas, polo que non cómpre celebrar eleccións:
 - Cristina Gallego Méndez
 - M^a. Fernanda Rivas Suanzes
- PDI (5 postos).- Presentáronse 4 candidaturas, polo que non cómpre celebrar eleccións:
 - Begoña González de Prado

- José María Mahou Lago
 - José Benito Vázquez Dorrió
 - Xanel Vecino Bello
- ESTUDANTES (3 postos): non se presentaron candidaturas.
Resultan elixidas as persoas que presentaron candidatura.

7. Elección dos membros da Comisión asesora da Valedora Universitaria.

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas.

- A. Un representante do PDI e o seu correspondente suplente:
- Sara María Torres Outón / Coral del Río Otero
- B. Un representante do alumnado e o seu correspondente suplente:
- Paula Gil Hidalgo / Miguel Ansede Vilas
- C. Un representante do PAS e o seu correspondente suplente.
- Guillermo de Oca Cancela / Antonia Melón Amor

Presentáronse igual número de candidaturas que postos a cubrir, polo que non é preciso celebrar eleccións.

Resultan elixidas as persoas que presentaron candidatura.

8. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 2 vacantes.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. José Francisco Asís Montero Reguera
- D^a. Rebeca Díaz Redondo
- Xosé Manuel Cid Fernández.

Presentáronse tres candidaturas pero Xosé Manuel Cid renunciou á súa. O reitor da lectura ao escrito de renuncia. Ao quedar igual número de candidaturas que postos a cubrir, non é preciso celebrar eleccións.

Resultan elixidas as dúas persoas que non renunciaron ás súas candidaturas.

9. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito):

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

- A. Ciencias experimentais e da saúde: houbo unha candidatura, polo que non cabe celebrar eleccións.
- Ezequiel Vázquez López
- B. Xurídico-social: presentouse unha candidatura, polo que non cabe celebrar eleccións.
- Marcos Álvarez Díaz
- C. Tecnoloxía: presentouse unha candidatura, polo que non cabe celebrar eleccións.
- Humberto Michinel Álvarez

Resultan elixidas as persoas que presentaron candidatura.

10. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Consello de Campus de Ourense (1 vacante): houbo unha candidatura, polo que non cabe celebrar eleccións: Alejandro Sanz Fonta.
- Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes): non se presentaron candidaturas.

Resulta elixida a persoa que presentou candidatura.

11. Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Lagoas-Marcosende ao Campus de Vigo cidade e debate sobre eventuais medidas a adoptar.

O reitor informa deste asunto e comeza explicando porque saca este asunto neste intre, debido a unha serie de feitos socioeconómicos que así o aconsellan e que irá detallando, aínda que entende que a proposta é un tanto disruptiva e que non estaba incluída no programa electoral, malia que sempre houbo unha aposta polos espazos xa existentes en Torrecedeira. Lembra que non houbo debate no seu día sobre a situación do Campus de Vigo. Non obstante, agarda acadar o necesario consenso e oferta todo o diálogo posible. Recalca que neste momento é unha proposta aberta e que aínda non está nada decidido e que, por suposto, en ningún caso se trata de dismantelar o actual Campus de Marcosende e indica que quen non queira baixar non o fará. Pedro Carro comenta no chat a este respecto o seguinte: “coido que a afirmación de que quen non queira non baixa pode ter algo de trampa na formulación. Se a financiación se centra na cidade e progresivamente van baixando varios centros, os que queden arriba poden comezar a ter serios problemas que os forcen a baixar”.

Comeza o reitor o seu informe, que presenta a estrutura que se describe seguidamente.

FOLLA DE RUTA

- Sesións informativas e de debate coa comunidade
- Empezouse o día 5 de marzo cos decanatos e coas direccións.
- Seguiremos con: xuntas de centro, Claustro, estudantado, representantes dos traballadores/as, etc...
- Pronunciamento dos centros mediante consulta.
- Realización dos estudos de viabilidade financeira e de análise de riscos.
- Unha vez debatidas analizadas suficientemente cada unha das posibilidades, pasarán aos órganos de goberno para a toma de decisións.

COMISIÓN PARA A REALIZACIÓN DA CONSULTA.

- Para preparar as preguntas aos membros dos centros que potencialmente poderían mover algunha das súas titulacións, propoñemos crear unha comisión constituída por:
 - Secretario Xeral.
 - Director de Área de Calidade.
 - Dous docentes (propón que un deles sexa Emilio Fernández ou quen el designe).
 - Un representante do alumnado.
 - Un representante do persoal de administración e servizos.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

- Non hai aínda ningún novo espazo na cidade.

- Cando o haxa, o movemento farase por consenso. Se un centro non quere baixar, quedará no campus As Lagoas, Marcosende.
- Non se abandona o campus As Lagoas, Marcosende. Converterase no parque científico tecnolóxico do sur de Galicia, con centros singulares de investigación en economía, en ciencias biomédicas, en enxeñaría das telecomunicacións, en industria 4.0 etc.

RAZÓNS PARA O CAMBIO.

O reitor expón a continuación a situación dos distintos Campus no SUG, en comparación co de Marcosende, así como as razóns que levarían ao cambio, que serían as seguintes:

- Recollida no obxectivo 12 do Plan estratéxico da Universidade de Vigo recentemente aprobado polo Claustro por asentimento, polo Consello de Goberno cunha amplísima maioría e sen votos en contra.
- Consideracións sobre a importancia da captación de estudantes para o financiamento e para a supervivencia da propia universidade.
- Curva demográfica.
- O afastamento do campus como elemento de desincentivación na captación de estudantes.

OBXECTIVOS DA PROPOSTA

- Que o estudantado poida seguir a meirande parte das clases ou todas sen saír de Vigo cidade.
- Acadar, daquela, que non perda tanto tempo nos desprazamentos
- Conseguir abaratar custos (luminarias, viais, limpeza exterior, xardinaría).
- Coordinar axeitadamente os centros de investigación (que quedarían en Marcosende) e os de docencia.
- Ter máis presenza na cidade e que a universidade se vexa como un activo próximo. Isto axudaranos na relación cos axentes sociais e incluso na captación de estudantes.
- Favorecer a realización de actos culturais e sociais de todo tipo en horarios acaídos e con asistencia de público (universitario e non universitario).

IMPORTANCIA DA CAPTACIÓN DE ALUMNADO PARA O FINANCIAMENTO.

O reitor destaca a importancia da captación de alumnado de cara ao plan de financiamento e da as razóns polas que o Campus de Marcosende non resulta atractivo, baseándose en datos directos e indirectos:

- Dos campus centrais é o que menos entusiasmo xera.
- Nas titulacións que están repetidas, melloran en xeral os resultados das outras universidades.
- Nas enquisas, figura como o peor factor polo que non se lle recomendaría a Universidade de Vigo a outro estudantado (afecta especialmente a internacionalización).

Amósanse as gráficas cos datos de evolución do alumnado nos distintos Campus do SUG, comparándoas coa evolución da poboación galega e as demandas de titulación do alumnado como primeira opción segundo os diversos Campus, sendo unha tendencia decrecente no de Marcosende.

OPORTUNIDADES EXISTENTES NA ACTUALIDADE.

- Complexo de López Mora (campus de Peniche).
- A medio prazo:
 - Xulgados.
 - ETEA (campus de Teis).

PROBLEMAS PRESENTES.

1. Financiamento. Hai aforros pero non chegan para todo o programa.
2. Asincronismos.
3. Edificios que quedarán no campus.
4. Edificios espallados pola cidade, falta de sentimento de campus.
5. Os espazos no campus son moi xenerosos e na cidade serán máis contidos.

VANTAXES DO PROXECTO CIDADE DO MAR.

- Vigo é o lugar axeitado para un campus de excelencia internacional mariño: potente centro do CSIC (Instituto de Investigacións Mariñas) e centro do Instituto Español de Oceanografía. A facultade de Ciencias do Mar, segundo o reitor, debería estar á beira do mar. No obstante, no chat, indica Miguel Asende que “apostar por cercanía e coller a ETEA resulta un pouco contradictorio sobre o mapa”.
- Ademais, centros tecnolóxicos ligados á I+D e outras institucións.
- O CSIC trasládase á ETEA, co que pasamos dunha colaboración virtual a unha colaboración presencial.
- Recibimos o edificio Faraday co compromiso da Xunta de Galicia de financiar o seu arranxo.

Detalla as características dos Edificios da ETEA (Faraday, Morese e Siemens).

Finaliza o seu informe o reitor lembrando que as titulacións que non queiran baixar non o farán e indicando o seguinte sobre a conversión do Campus en algo máis:

- Quedarían os centros singulares e institutos de investigación (agás o CIM)
 - Atlantic
 - Cinbio
 - Cintexc
 - Ecobas
 - CACTI
- Quedarían as titulacións que prefiran non baixar á cidade.
- Atraeríamos centros de I+D de empresas e plantas piloto aos espazos baleiros.

Remata o informe do reitor neste asunto. A intervención presentada previamente por escrito por Álvarez Moreiras constará na acta (ANEXO I). Comeza o debate coa intervención de Humberto Michinel que pregunta ata que punto isto pode afectar a proxectos do Campus de Ourense, no que atinxe á creación de edificios, por exemplo. O reitor comenta que as conversas coa Xunta a este respecto son conxuntas e que abranguen os proxectos do Campus de Ourense, como pode ser a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo ou a Facultade de Relacións Internacionais. Lembra asemade a oferta do Concello de Ourense dun anaco da parcela ao carón do Campus. Humberto Michinel pide que en relación coa súa Escola se involucre á mesma, dada a especificidade das súas necesidades. O reitor comprométese a elo.

Luis González Varela pensa que a análise dos Campus feitos polo reitor tal vez carece de certa perspectiva histórica e que a idea de recuperar a cultura universitaria, un tanto romántica, pode ser algo anacrónica. Entende que é relevante a competición respecto da cidade de A Coruña, onde os Campus teñen mais vida. Maniféstase en contra da dispersión de centros nunha cidade como Vigo. Preocúpalle a financiación do proxecto, dado o previsible custo, en relación coas necesidades doutros proxectos ou o mantemento dos edificios actuais. Teme que o Campus de Marcosende abandone completamente a docencia e acabe sendo un mero polígono tecnolóxico, a base de repartir centros. O reitor lamenta a oportunidade perdida en Navia, que xa non regresará. Entende que o movemento actual é estratéxico e unha boa opción. Louva o traballo dos vicerreitores de economía dos equipos precedentes e pensa que o actual equipo ten a mesma seriedade

orzamentaria, dentro da ortodoxia esixible. O reitor pensa que o alumnado é máis proclive a estudar na Universidade de Vigo se estivera na cidade, posiblemente polo aspecto lúdico que o acompaña, como pode suceder na USC, por exemplo, e que é un aspecto co que actualmente non se pode competir aquí. Posiblemente a cidade non crecerá cara a Marcosende e o transporte é dificilmente mellorable xa. Penseuse incluso construír un tren ao Campus, pero xa se descartou polo custo de montalo e de mantemento. O reitor agarda que o transporte mellorará moi lixeiramente. Luis González recalca no chat “que no es lo mismo preguntarle al alumnado por un Campus en la Ciudad o en el CUVI que preguntarle si querría tener clases arriba y abajo dependiendo del día, con toda la problemática que ello conlleva y los conflictos de horario, transporte y conciliación. Cuidado con eso que las preguntas y sus resultados pueden ser muy tramposas”.

No chat, Raquel González López puntualiza que “non é o mesmo un campus na cidade, que centros desperdigados por unha cidade como é Vigo, tendo en conta que non é llana, e tendo tamén en conta o tráfico etc”. Miguel Ansedo pregunta “¿De que xeitos se incentivou esa "vida nocturna" e universitaria da que falabas?” Raquel González di que “como ben puntualiza Luis, a resposta depende moito de como se plantexa a pregunta. Poden levar a engano”.

Edita de Lorenzo entende que o punto debeu estar ao comezo do Claustro. Como profesora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, expresa que non lle pareceu ben que o asunto transcendera primeiro á prensa, antes que á propia comunidade universitaria. Pensa que faltou análise previo e máis tempo para analizar a información. Cre que convén asumir a realidade e que os edificios xa están feitos en Marcosende. Fala da situación dos estudantes que viven na contorna de Vigo. O reitor entende que a realidade é teimuda e que non plantexa desmantelar o Campus de Marcosende. Comprométese a proporcionar maior información.

Iván Area advirte que os Claustros antes duraban moito máis e que a súa intervención non vai ser breve. Pensa que sería bo que todo o mundo manifestase a súa opinión. Aporta o seu escrito ao Secretaría Xeral que a incorpora a continuación.

“Comezo advertindo que recentemente algunhas compañeiras e compañeiros desta Universidade estivemos a lembrar os tempos nos que os Claustros duraban dous días. Si, dous días porque as cuestións a debater precisaban de tempo, de contraste de ideas e de valoración de todos os matices. Vaia este comentario como anticipo de que a miña intervención non vai ser breve. Desde o meu humilde punto de vista non é algo para resolver en 140 ou 280 caracteres, que por certo xa van antes de comezar a falar do punto da orde do día. Ireime a 100 veces máis e aínda é insuficiente. Máis aínda, penso que sería bo que todas as persoas que formamos parte deste Claustro, indiquemos a nosa postura con todos os matices que require. Antes de continuar, quixera indicarlle ao Secretario Xeral que ao rematar remitirei por escrito a intervención, para que conste en acta.

Fai tres anos comezou un proceso electoral no que unha candidatura, a súa señor Reitor, falou de revitalizar o Claustro universitario. Certo é que curiosamente no programa electoral que aínda se pode consultar, esta parte non foi reflectida. Porén, pese a que vostede sempre defendeu da importancia do Claustro, dos debates en Claustro, hoxe temos que analizar un punto na orde do día que é ben distante. Certamente algo avanzamos desde a convocatoria anterior que incluía como punto terceiro: “Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade”. A nova redacción é algo máis ampla “Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade e debate sobre eventuais medidas a adoptar”. Grazas por deixarnos debater sobre este tema. Por certo, “levadas a cabo” debera ser “feitas” ou realizadas, para evitar linguaxe coloquial. Pero sobre as cuestións lingüísticas xa falarei en rogos e preguntas.

Non se trata, xa que logo, dunha toma de posición do Claustro diante dun tema tan importante. Pode que sexa unha das decisións máis transcendentais que ten que tomar esta Universidade desde a súa creación, é dicir nos seus 31 anos de existencia.

Á vista das súas promesas electorais, e tendo en conta a relevancia desta decisión, non só para o campus de Vigo, senón para a totalidade da institución, como punto de partida pégolle señor Reitor que faga un

pouco de memoria, da súa memoria, e convoque un Claustro para unha toma de posición sobre este tema. Unha toma de posición na que as persoas que formamos parte do Claustro e que representamos a distintos grupos, colectivos, escolas ou facultades, poidamos votar. Máis aínda, debido á importancia desta decisión, creo que se a decisión debese ser tomada en Claustro todas as persoas presentes estarían de acordo en que non chega cunha simple maioría, senón que sería precisa unha maioría cualificada.

Pero podemos meditar un pouco sobre a conveniencia de resolver esta cuestión en Claustro, neste Claustro. Cando este Claustro universitario foi elixido, non se falaba en absoluto desta cuestión. De feito, non lembro en ningún dos dous programas electorais no proceso de elección de Reitor simultáneo coa elección do Claustro, o seu e o do candidato Emilio Fernández, ningunha alusión a este tema. Nin para manter o campus en Lagoas-Marcosende, nin para movelo. Nin no programa de H2040, nin no de Ideas que Suman.

Tamén poderíamos valorar se un Claustro no que estamos agora pouco máis de cen persoas está lexitimado para unha decisión tan importante.

Xa que logo, se ben legalmente estamos lexitimados para determinadas cuestións, xorde a dúbida sobre se moralmente é o caso. Neste sentido, poderíase pensar que sería máis lóxico poder coñecer o que opina a maioría da comunidade universitaria sobre o modelo de universidade que se desexa, aspecto que normalmente se dilucida nunhas eleccións a Reitor/a.

Continúo, señoras e señores membros do Claustro. Falarei agora dos datos de demografía, con cuestións que non comentou o Reitor no seu informe e onde teño que corrixir o que comentou: non é o mesmo predición de poboación que predición de alumnado matriculado. Nos anos setenta do século pasado nacían na Galiza preto de 45.000 nenas e nenos cada ano. Esas eran (ou se me permiten, eramos) as persoas que entraban no Sistema Universitario a comezos dos anos 90. Esa taxa de natalidade foi diminuíndo até as 20.000 persoas que naceron a comezos dos anos 2.000. De feito no ano 2.004, alumnado que está entrando agora, naceron 20.621; no ano 2005, 21.097; no ano 2006, 21.392, e segue subindo pouco pero subindo até o ano 2008, polo que é previsible un ínfimo aumento nas matriculacións, no que tamén inflúe a pandemia da COVID pois o alumnado ten maiores dificultades á hora de ir fóra a estudar titulacións que tamén se ofertan dentro do Sistema Universitario de Galicia.

As consecuencias da crise económica da primeira década deste século tiveron un impacto brutal sobre a natalidade, de xeito que no ano 2019 falamos da orde de 15.000 nacementos, é dicir, un terzo do que era normal nos anos 70 que xerara a creación da Universidade de Vigo. Non o esquezamos, daquela a Universidade de Santiago de Compostela tiña arredor de 100.000 estudantes en sete campus, cunhas pésimas comunicacións. Poderíamos falar agora do que era o noso sistema universitario, das transformacións noutros países, onde sempre nos levan vantaxe e xa apostan por outro modelo de universidade. Pero hoxe non é o día para falar destas outras cuestións tan importantes para un Claustro universitario.

Compañeiras e compañeiros do Claustro, pasamos de 45.000 a 15.000 nacementos e iso ten unha durísima repercusión sobre o posíbel estudantado que podería cursar estudos universitarios.

Durante o confinamento houbo moitos comentarios sen fundamento de ningún tipo relacionados cun baby boom. A realidade foi ben distinta e realmente temos un baby crash. Se xa hai moitos factores que non axudan á hora de decidir se unha persoa ou unha parella queren ter fillas/os, a situación derivada da pandemia da COVID-19 influíu aínda máis negativamente nestas circunstancias. Se ben aínda non se dispón de datos completos do ano 2020, o certo é que a natalidade baixou aínda máis, da orde do 9 por cento e isto aínda irá a peor, pois non debemos fixarnos unicamente nas taxas de natalidade senón tamén na taxa de fertilidade, como apunta a ONU. Estes son datos obxectivos que deben axudar a pensar en como planificar os cadros de PDI e PAS. Pensemos que arredor de 1 de cada 3 PDI é maior de 60 anos; e no cadro de persoal funcionario arredor do 40%. Con estes datos enriba da mesa ábrese o debate sobre hipotecar ou non a Universidade. Neste contexto, sería importante que clarifique as diferentes partes económicas da operación proposta: custo de adquisición e reparación do(s) novo(s) edificio(s), así como de alugueiro ou venda -se é o caso- dos actuais edificios, ...

Pero isto sería aínda unha visión moi simple. A realidade é moito máis complexa. Por unha banda, porque os datos son globais e tamén locais, igual que coa COVID-19. O decrecemento demográfico variará por territorios e áreas metropolitanas e afectará fundamentalmente a Lugo, a Ferrol, pero moito menos a Vigo, pola inercia metropolitana. Será un proceso moi asimétrico.

En calquera caso, o modelo de universidade que coñecemos estaba xa esmorecendo. O golpe definitivo foi a pandemia da COVID-19 que tanto nos costou a todos no profesional e no persoal. Pensemos a onde queremos ir, cal é o futuro da Universidade, non só da de Vigo senón da Universidade como idea e como concepto. Continuaremos como universidade centrada en estudantado de menos de 22 anos con entrada por ABAU? Ou valoraremos outro tipo de universidade engadindo novos perfís de alumnado con outros tipos de produtos como oferta educativa? pequenos cursos, graos abertos, bloques de competencias que se poden dar de xeito híbrido, que pode ser en espazo compartido virtual e presencial, con flexibilidade ... Pensamos en Harvard, Arizona State University ou outros referentes ou seguimos mirando o embigo e descubrindo a roda?

A realidade é moito máis complexa, poliédrica con moitas arestas. Certo é que esta operación dotaría á Universidade dunha presenza no centro de Vigo para poder artellar un distrito universitario, que non campus, arredor de Torrecedeira, con algunhas aulas nun espazo definido. Podería converterse nunha referencia da futura universidade que é moito máis que estudantes de menos de 22 anos. Poderíase facer algo sobre o que pivote. Pero para poder valorar a proposta este Claustro necesita datos e explicacións, para saber cal é a idea final deste movemento e tamén cal foi o arkhé da idea, así como as cuantificacións.

Non se trata só de captar estudantes, senón de que queremos facer co estudantado, co pdi e co persoal de administración e servizos. Temos agora unhas universidades públicas cunha inercia enorme, pero con comportamento semellante ao celebérrimo buque Ever Green. En moitos casos, as universidades están encalladas, embarrancadas, varadas, pero aínda non o saben ou non o sabemos. Penso que o debate sobre o traslado do Campus debe facernos pensar moito máis, en cal é o futuro da universidade, en particular da Universidade de Vigo.

Benqueridas e benqueridos membros do Claustro. A Biblioteca debера ser o centro da universidade. Resulta paradoxal que en todo este debate non se escoitasen comentarios profundos sobre o servizo fundamental para a docencia e a investigación. Falouse, nos medios de comunicación, do posible traslado de determinadas titulacións e, nalgúns casos, deixando os centros tecnolóxicos na súa actual ubicación. Isto xera dúbidas, ou polo menos a min me xera dúbidas. Como está pensado ou planificado actuar en relación coa biblioteca. Quedará arriba? Quedará abaixo?

A idea de separar biblioteca de docencia e biblioteca de investigación está na orixe do modelo bibliotecario que existe no campus de Vigo. A idea inicial era que a biblioteca central acollese todos os fondos de investigación de todo o campus, e que as bibliotecas de centro quedasen só para a bibliografía recomendada para o alumnado. Este sistema amosouse inviábel e deu lugar a un paradoxo: unha biblioteca central sen contido e bibliotecas de centro onde están os fondos pero sen persoal de apoio á investigación. Non deberamos caer outra vez neste erro.

Pero se falamos de separar a biblioteca, teño outra dúbida. A dúbida lévame á división da biblioteca da Universidade de Leuven, fundada no ano 1425. Cando tomaron a decisión, e vistas as dificultades para separar a biblioteca en dúas, a opción escollida foi a máis absurda que coñezo. Os tomos pares foron para unha das bibliotecas e os impares para outra, separando así incluso enciclopedias. Penso que convén meditar ben o que se quere facer para non ser un exemplo conspicuo de disparate.

Máis aínda, e retomando a idea de que a biblioteca debера ser o centro da universidade, se a decisión é esparexer os centros e titulacións como sal pola cidade ... onde estaría a biblioteca? Como serían os fluxos de persoas para consultar as obras? Terían que ir para os volumes pares ao Campus e para os impares a un número indeterminado de ubicacións? Poderíamos facer un modelo caótico baseado en números

primos, pero penso que aínda estamos a tempo de parar a pensar e meditar ben o que se quere facer. E por suposto, do persoal que é necesario para que unha biblioteca funcione: as e os bibliotecarios.

Pese a que no futuro a cuestión de espazos será algo no que mudarán todos os paradigmas, aínda estamos no presente. E nese sentido, en relación co punto do traslado do "CUVI" á cidade compañeiras e compañeiros de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo indican o seguinte, xa indicado polo Profesor Humberto Michinel: este asunto debería ser abordado cando todos os centros teñan un espazo propio para o desenvolvemento da docencia e da investigación. A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo imparte actualmente a docencia de grao en 4 edificios do campus de Ourense (Edificio Martínez-Risco, Edificio de Facultades, Edificio Politécnico e Campus da Auga) debido fundamentalmente a que non ten aulario propio e precisa de cesións de aulas doutros centros. Isto obriga ao alumnado a moverse (con tempos de desprazamento de máis de 10 minutos) e condiciona a elaboración dos horarios para deixar marxe de tempo entre os traslados. Esta non é unha situación motivada en exclusiva polas medidas de seguridade derivadas da alerta sanitaria da Covid 19, senón que seguirá así cando se volva á "normalidade". Tamén no Campus de Pontevedra parte do alumnado de Ciencias de Educación Física e do Deporte recibe as súas aulas na Escola de Enxeñaría Forestal. Non é un caso tan extremo, pero é unha realidade que existe nos campus desta Universidade.

Quedan moitos temas por tratar, que seguro que outras persoas que forman parte do Claustro analizarán ou analizaron nas súas intervencións.

Resumindo, señor Reitor, compañeiras e compañeiros do Claustro: primeiro convén definir cal é o modelo de universidade que queremos; en segundo lugar, se a comunidade universitaria opta polo modelo que propón o equipo de goberno, falta a información económica de toda a operación (custo da adquisición, das reformas, ... da venda ou do alugueiro); e finalmente, definir quen e como debe adoptar unha decisión deste calado: moral versus legal.

Sexamos disruptivos e adiantemos eleccións para non perder as oportunidades e poder tomar as decisións". Remata a intervención de Iván Area.

O reitor responde á intensa intervención valorando a importancia da Biblioteca e os cambios sufridos na mesma, dado que a día de hoxe perdeu importancia o libro impreso, aínda que segue a ser un servizo básico. Atopa que a biblioteca de Torrecedeira no centro de Vigo está chea, en xeral, empregada como sala de lectura que é posiblemente un servizo máis necesario que unha biblioteca de investigación, agás de que se trate dunha biblioteca dun centro que decida baixar. Despois do debate haberá que facer unha proposta. Agradece a profunda intervención.

Elena Alonso centra a súa intervención na captación de alumnado e pensa que o punto de partida debe ser unha análise seria da captación por titulacións. Haberá que valorar se o cambio supoñerá unha mellora do proceso formativo da Universidade. O reitor entende que a calidade da titulación da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía é alta pero falla precisamente a captación. Recoñece non saber das vantaxes para esas titulacións cara ao alumnado, aínda que pensa que é un hándicap a situación. Concorde que o importante é a calidade da formación.

Antonio Collazo bota en falta a consulta aos departamentos, no marco de sesións levadas a cabo, e pensa que a súa participación é relevante, polo que pide que se lles consulte. Quere que as consultas a centros e departamentos se produzan despois dos estudos económicos e de riscos que se leven a cabo. Non coincide nalgúns termos da proposta, entendendo que se fala do esmorecemento do Campus de Marcosende. Coincide con algúns aspectos do discurso de Iván Area e se cuestiona como se formulará a pregunta prevista á comunidade universitaria, o que non debería furtar a consulta aos centros e departamentos. O reitor responde que incorporará aos departamentos ás consultas e a valorar un plan de incentivos para os centros do Campus de Marcosende que reclama Antonio Collazo. En canto á comisión proposta para elaborar a pregunta, o reitor garante que as titulacións non se moverán se o centro non o quere e tampouco se non o ven os destinatarios da consulta. E queda todo supeditado á dispoñibilidade orzamentaria.



Miguel Ángel Nombela comenta que trataron o asunto na súa xunta de facultade (Ciencias do Mar) e que se remitiu o escrito correspondente á Reitoría, agardando que se proporcione a maior información posible

sobre os espazos e servizos dispoñibles do Campus de Teis. A decisión do seu centro se tomará en canto reciban a información. O reitor comenta que non se poden facer os estudos sen saber antes quen decidirá baixar, dado o custo que terían os estudos de viabilidade. Prefire que vexamos entre todos que centros teñen maior interese. Comprométese a responder ao escrito enviado, aportando maior información.

Elsa Vázquez Otero afonda na mesma idea de Miguel Ángel Nombela e indica as sinerxias da súa facultade con outras veciñas, polo que preferiría un pronunciamento conxunto entre todas. Pensa que Ciencias do Mar non se resiste a ir á ETEA sen mais, se non que se trata do descoñecemento dos edificios, espazos dispoñibles, servizos, etc. cara á docencia e á investigación, que deberían baixar conxuntamente, na súa idea. Cre que debería tratarse nun claustro extraordinario e comparte algúns puntos de vista con Iván Area. Concorde con Elena Alonso en que a captación de alumnado debe analizarse profundamente e por centros. Tal vez o problema sexa a falta de visibilidade de certas titulacións. O reitor indica que segue a haber quórum e non hai problema para tomar decisións.

José Montero Reguera pide aclaracións sobre o procedemento e os prazos, en particular, sobre a enquisa e as consultas aos centros. O reitor indica que as enquisas estarán listas en este mes, agás a que se aprobou hoxe, que dependerá do funcionamento da comisión proposta.

Alberto Dafonte comenta que se enterou pola prensa deste asunto e que foi para esta xuntanza que recibiu a información. Fai referencia a unhas declaracións nos medios nas que se tilda este asunto de electoralista. Parécenlle lóxicas as críticas. Entende que faltan elementos de xuízo para tomar decisións. Unha boa parte da comunidade universitaria non tivo acceso á información suficiente. O reitor agradece a intervención e as críticas e responde que non sabe se a súa intervención foi recollida de xeito exacto, aínda que confía en que fora así. No pasado se tomaron decisións sobre compra de edificios nos que non houbo debate, nin críticas aos equipos de goberno que os mercaron. Alberto Dafonte sinala que “con todo respecto, señor reitor, creo que o que se fixese antes non xustifica o que se faga agora”.

Luis González Varela plantexa no chat “una pregunta para el Secretario Xeral. Atendiendo al orden del día:

12. Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade e debate sobre eventuais medidas a adoptar. ¿Se podría aprobar la creación de una comisión o tomar algún tipo de decisión colegiada al no figurar específicamente en la redacción del orden del día? Pregunto para que no caigamos en un error de forma que impugne cualquier acuerdo al respecto. Desde la ignorancia de alguien que no es lego en derecho”.

O secretario xeral entende que o Claustro pódese limitar a dar apoio a esta comisión, sen necesidade de aprobala. O reitor da lectura ao artigo correspondente do regulamento. Ninguén se opón á creación da comisión, polo que constará que o claustro apoia a mesma.

Elsa Vázquez Otero indica no chat “parece que se queira conducir o debate e as dúbidas que temos en termos electorais para que non poidamos opinar. E iso que non foi na nosa facultade na que se pediu á dimisión. Non penso que a maioría dos que teñamos dúbidas sexa en termos electorais”. O reitor responde que, efectivamente, non é así.

12.Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións. Comézase pola letra sorteada (I).

Xosé Montero pide que se solicite á Xunta de Galicia que as coordinacións de grao computen como cargo académico de xestión. O reitor o estudiará, dadas as dificultades dos equipos de atopar xente dispoñible.

Álvarez Moreiras enviará as súas preguntas á secretaría xeral para que as incorpore á acta e asemade solicita que se incorpore á acta un informe da Asesoría Xurídica (ANEXO I). O reitor indica que o claustro se



anuncia con 96 horas de antelación, segundo o regulamento. Sobre as outras preguntas, estudiará posibles respostas, en particular, polo que se refire á avaliación continua.

Iván Area pregunta *“en primeiro lugar polo estado das preguntas efectuadas no pasado Claustro do 16 de decembro de 2020. Nomeadamente, o primeiro foi un rogo para definir un protocolo, camiño ou folla de ruta para a contratación de persoas con cargo a proxectos de investigación para evitar os problemas que se comentaron no anterior Claustro.*

O segundo, foi para instar á universidade a empregar o único nome oficial en todos os comunicados, a solicitar que sexa o nome "Universidade de Vigo" o que se empregue en todas as comunicacións desde a Universidade e que se é preciso, se proceda a solicitar o cambio e actualización naquelas institucións que non o empregan. Prego novamente que se observe que a acta inicialmente non recollía o sentido da intervención, xa que os termos da intervención do día 16 de decembro eran moito máis alá de empregar o único nome oficial da institución nos artigos científicos senón en todas as comunicacións.

*Ao fío deste segundo rogo, distintas compañeiras e compañeiros veñen de detectar que o Regulamento do uso da lingua galega aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 2 de marzo de 2015 non se está a cumprir. É por iso que solicito que conste en acta que distintos *servizos* empregan unicamente o castelán en todas as súas comunicacións e nas redes sociais, que centros tecnolóxicos teñen a súa páxina web en castelán e en inglés, igual que grupos de investigación. E o mesmo para mestrados e programas de doutoramento.*

Tamén relacionado coa obrigada promoción do uso da lingua galega chamounos a atención recentemente a exclusión do galego por parte dunha revista promovida polo servizo de publicacións da Universidade de Vigo. A antítese disto, que convén sinalar positivamente é o caso de Viceversa, Revista Galega de Tradución: "Os artigos pódense enviar en calquera lingua europea e a revista traduciraos ao galego para a súa publicación. Na súa páxina web /Viceversa/ ofrecerá tanto a versión galega como a orixinal." Pregamos que sexa tida en conta este tipo de posibilidades para as revistas da Universidade de Vigo.

Para rematar esta parte, xunto dúas capturas de pantalla de transparencias de hoxe, como exemplo da necesaria revisión lingüística. Remitirei as capturas xunto con todo este texto.

Noutra orde, quixera indicar que todos os anos aproban o calendario escolar en Consello de Goberno. O dito calendario inclúe unha excepción, que é a Facultade de Ciencias (ubicada no campus de Ourense) onde a docencia é bimestral. É dicir, cada cuadrimestre está subdividido en dous bimestres con materias separadas. Penso que se isto é así durante tantos anos, non é lóxico que as actas non estean dispoñibles para cada un dos bimestres. Antes de realizar un exame o profesorado debe saber que alumnado está matriculado e ten dereito a realizar a proba, para poder realizar os chamamentos na aula. Non é o caso. O profesorado do primeiro e do terceiro bimestre non ten acceso a esta información xa que os exames se realizan moito antes de que a Universidade xere as actas correspondentes. Por outra banda, tamén afecta ás celeberrimas enquisas de avaliación docente que non están programadas para realizalas nos bimestres. Xa que logo, ou ben se suprimen os bimestres ou ben se fan as oportunas e necesarias adaptacións en todas as cuestións administrativas.

Por outra banda, recentemente houbo distintos cambios en direccións de área. Sería bo que toda a comunidade universitaria coñecese ese tipo de cambios que afectan en moitas decisións. Xa que logo, quixera instar ao equipo de goberno a 1) anunciar os cambios nas distintas roldas de correo da universidade e 2) ter actualizada unha relación de cargos institucionais xunto cos seus contactos institucionais.

Desde a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo tamén me trasladan o seguinte rogo. No Edificio Martínez Risco, no andar menos un, hai un enorme conxelador de Toxicoloxía que pertencía a unha profesora, tristemente falecida. Pese aos reiterados rogos formais e informais para que retiren esa máquina dun espazo común, aí segue. Máis aínda, neste conxelador salta periodicamente unha alarma causando bastantes molestias ás persoas que alí traballamos. Por que salta a alarma? Non o sabemos.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Pero insisto en que é un conxelador de toxicoloxía, que ademais pode levar arredor de 4 anos sen abrirse. Pregamos se retire dos espazos comúns e se coloque onde corresponda, que non é na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Entendemos que un laboratorio de investigación é o espazo acaído para este aparello.

No seu informe o Reitor indicou que é posíbel solicitar folla de servizo de xeito electrónico. Levo máis dun ano solicitando que a folla de servizos sexa realista e acorde á lexislación vixente, respectando os nomes oficiais das áreas de coñecemento e dos centros da nosa universidade, así como que sexa emitida tamén en galego. Prego realicen os cambios que sexan necesarios para que a folla de servizos, que unicamente remiten en castelán, sexa acorde á lexislación vixente e, por suposto, tamén en galego.

En relación co servizo de reprografía, obsérvase que non se fala do Campus de Ourense. Prego que se teña en conta á hora da nova contratación.

Por outra banda, non é normal seguir co sistema medicina-céntrico de captación de estudantes de fóra do SUG. Todas as titulacións deben ser tratadas do mesmo xeito.

Finalmente, tal e como xa indiquei no punto correspondente, distintas compañeiras e compañeiros da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, en relación co punto do traslado do "CUVI" á cidade indican o seguinte: este asunto debería ser abordado cando todos os centros teñan un espazo propio para o desenvolvemento da docencia e da investigación. A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo imparte actualmente a docencia de grao en 4 edificios do campus de Ourense (Edificio Martínez-Risco, Edificio de Facultades, Edificio Politécnico e Campus da Auga) debido fundamentalmente a que non ten aulario propio e precisa de cesións de aulas doutros centros. Isto obriga ao alumnado a moverse cada día e condiciona a elaboración dos horarios para deixar marxe de tempo entre os traslados. Esta non é unha situación motivada en exclusiva polas medidas de seguridade derivadas da alerta sanitaria da Covid 19, senón que seguirá así cando se volva á "normalidade". Remata a intervención de Iván Area.

O reitor responde sobre unha das consultas formuladas, sobre unha normativa que está en vías de elaboración. Sobre as outras cuestións, as estudará e pide comprensión por eventuais fallas nos servizos, particularmente no uso do galego.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:15 h do día 13 de abril de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral